

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



RESOLUCIÓN CORRECCION DE ERROS NA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR. EXPEDIENTE 655/406.

En data 08.11.2022 esta Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou Resolución relativa ao listado definitivo de aspirantes admitidos e excluídos no concurso libre para estabilización de emprego temporal e ingreso en dúas prazas de Arquitecto superior, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Superior, grupo A, subgrupo A1 incursas nos supostos das Disposicións adicionais Sexta e Oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, na que se dispuxo no seu apartado CUARTO a integración do Tribunal cualificador segundo a seguinte composición:

“(.)Presidente

D.^a Beatriz Rodríguez Yáñez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente. D.^a Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Vogais

D. José María Domínguez Blanco, Técnico de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D.^a Julia Chamosa Martín, Arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. Gilberto Moldes Román, Enxeñeiro do Concello de Vigo. Suplentes. D.^a María Blanco Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, Arquitecto da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. Álvaro Crespo Casal, Enxeñeiro do Concello de Vigo.

Secretario D. José Riesgo Boluda. Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente, D.^a Susana Gallardo Fariña. Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo.

Detectado erro de carácter material na integración do dito Tribunal cualificador, procédese a súa rectificación, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao establecer que *“as administracións públicas poderán, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feitos ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Efectuar as seguintes correccións de erros no resolvo cuarto da Resolución desta Vicepresidenta da XMU de data 08.11.2022,

Onde dí:

1(.) D. Gilberto Moldes Román, Enxeñeiro do Concello de Vigo, **debe dicir D^a María Jesús Carballo Núñez, Arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo.**

e (2) onde di D. Álvaro Crespo Casal, Enxeñeiro do Concello de Vigo, **debe dicir, D^a María Luisa Sobrino del Río, xefa da Área Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo.**

SEGUNDO.- Ratificar as restantes disposicións contidas na Resolución desta Vicepresidenta de data 08.11.2022.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 655_406

Data impresión: 23/11/2022 09:18 Páxina 1 de 2
CSV: 2D87BE-BCE6C2-2B8BEB-REDM9U-ZDUGXW-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMOCONCELLO
DE VIGO

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro Electrónico da Sede electrónica do Concello de Vigo.

Así o ordena e dispón a Concelleira delegada da área de Urbanismo, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Vigo, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da XMU dou fe.

Documento asinado



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 23/11/2022 09:18

Páxina 2 de 2

EXPEDIENTE 655_406

CSV: 2D87BE-BCE6C2-2B8BEB-REDM9U-ZDUGXW-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>